

Orientacións para a programación da actividade docente: curso 2020-2021

A evolución favorable da pandemia e o levantamento progresivo das medidas de confinamento permiten pensar na posibilidade de retomar a actividade presencial nas universidades no curso 2020-2021. Non obstante, durante o curso próximo esta actividade presencial vai estar condicionada pola necesaria adopción de medidas de distanciamento social como medida de prevención fronte ao eventual xurdimento de novos abrochos. A experiencia adquirida despois do proceso de adaptación brusca á non presencialidade debe servir para que se adopte toda unha serie de medidas de carácter organizativo, formativo e técnico que nos permitan reforzar a capacidade de poder enfrontar novas situacións de emerxencia e, ao tempo, complementar e fortalecer o ensino presencial nunha situación de normalidade plena. Así mesmo, a partir desa experiencia tamén poderemos afrontar con maiores garantías de éxito a implantación de modalidades de ensino non presencial ou semipresencial no futuro naquelas titulacións que así o demanden.

Ante a situación de incerteza coa que comezaremos o curso 2020-2021, debemos facer unha aposta importante por asegurar a calidade da docencia. No labor de adaptación da actividade universitaria no período da “nova normalidade” que caracterizará o curso 2020-2021 será fundamental o proceso de información e interacción co corpo docente, estudantado e persoal de administración e servizos. As orientacións que presentamos a continuación foron elaboradas tendo en conta as *Recomendacións do Ministerio de Universidades á comunidade universitaria para adaptar o curso universitario 2020-2021 a unha presencialidade adaptada*, do 10 de xuño de 2020, e a experiencia da posta en marcha das *Medidas para a finalización do curso académico 2019-2020 e asegurar a calidade docente ante a situación excepcional provocada pola Covid-19*, aprobadas na UDC polo Consello de Goberno o día 22 de abril de 2020. Estas orientacións teñen como obxectivo axudar a todos os axentes implicados no desenvolvemento da docencia a planificar o vindeiro curso académico, no que teremos que nos enfrontar a un previsible escenario de “presencialidade con distanciamento social”, que nos esixirá combinar ferramentas e metodoloxías de ensino presencial e non presencial. Así mesmo, temos que ter a capacidade para responder a períodos de suspensión da actividade presencial como consecuencia da aparición de novos abrochos da enfermidade e ter en conta a posible existencia de períodos de illamento temporal de membros da comunidade educativa (alumnado e profesorado). Neste documento recóllense distintas accións (plans de formación no ensino en liña, tanto nos aspectos técnicos como metodolóxicos; adaptación dos sistemas de avaliación; medidas para garantir a correcta atención do estudantado etc.) orientadas ao desenvolvemento dun plan de continxencia que permita un cambio masivo e inmediato a un sistema de docencia telemática.

1. Organización da actividade docente nos centros

- Cada centro aprobará o seu plan de prevención e hixiene que garanta que nas súas instalacións se están a seguir os protocolos ditados polas autoridades sanitarias e académicas (*Medidas de prevención e hixiene fronte ao Covid-19 para centros universitarios no curso 2020-2021 do Ministerio de Sanidade e de Universidades* do 10 de xuño de 2020, e *Plan de continxencia da UDC ante a Covid-19*). O Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) elaborará un plan marco que os centros poderán

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/07/2020 09:37:42
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==		





tomar como modelo; ademais, proporcionará asesoramento na elaboración e implantación do plan nas instalacións do centro.

- Os centros deberán adoptar as medidas organizativas que resulten necesarias para evitar aglomeracións e garantir que nas súas instalacións se manteña unha distancia de seguridade de, cando menos, 1,5 metros. Isto inclúe unha planificación de horarios que permita distribuír gradualmente o acceso e as saídas tanto dos edificios como das aulas, laboratorios e outros espazos. No caso de que non se poida asegurar a distancia interpersoal de 1,5 metros en todos os espazos do centro, será obrigatorio o uso de máscaras hixiénicas.
- O profesorado, estudantado e PAS encargaranse de levar o material necesario para cumprir cos requisitos de prevención e hixiene marcados polo centro, como poden ser as súas propias máscaras ou, se así o establece o centro, os recursos que precisaren para o desenvolvemento de certas actividades académicas (teclados, ratos etc.).
- Nos centros que dispoñan de aulas que lles permitan manter a devandita distancia social, poderán impartir a docencia de xeito presencial. Non obstante, tamén poderán optar por combinala coa docencia telemática.
- Nos centros en que non sexa posible manter a distancia de 1,5 metros, recoméndase optar por un sistema híbrido, que permita combinar a docencia presencial coa non presencial. O estudantado dos primeiros cursos deberá ser obxecto dunha especial atención. Deberá valorarse a posibilidade de priorizar a presencialidade para estes grupos ou manter abertas canles de comunicación directa con regularidade a través das plataformas institucionais. De maneira xeral, deberá potenciarse a comunicación co alumnado a través do PAT, co fin de minimizar e xestionar o risco de fracaso e abandono do estudantado e garantir a adquisición de competencias e resultados de aprendizaxe.
- Independentemente da modalidade de docencia pola que se decante o centro, este debe ter en conta igualmente a posibilidade de suspensión da actividade presencial a causa de novos abrochos. Por isto, deberá preparar un plan de continxencia para unha rápida actuación nese escenario que permita continuar coa actividade docente.

A continuación, presentamos algunhas suxestións para a organización da docencia híbrida, cuxa adopción en ningún caso deberá supor unha sobrecarga para o profesorado ou área de coñecemento:

- Virtualizar nun único grupo a docencia expositiva con sesións síncronas a través de Teams combinado con material dixitalizado (audiovisual, presentacións, apuntamentos etc.). No seu caso as sesións síncronas deberán ser gravadas e postas a disposición do alumnado na plataforma Moodle o antes posible para que as persoas que teñan problemas de conectividade ou de dispoñibilidade limitada de equipos informáticos poidan acceder a elas en diferido. A virtualización da docencia expositiva permitiría reservar os recursos (infraestruturas, espazos e profesorado) para garantir a presencialidade na docencia interactiva e práctica.
- Virtualizar un grupo de docencia completo (expositiva, e interactiva nas materias que sexa posible) naquelas titulacións con máis dun grupo e nos cursos máis masificados, de forma que os estudantes que xa cursaran a materia anteriormente ou aqueles que por circunstancias particulares non poidan acudir presencialmente (grupos de risco, persoas en períodos de illamento etc.) participarían neste grupo, reservando o resto de grupos presenciais para estudantes de primeira matrícula ou que cursen por primeira vez a materia.

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/07/2020 09:37:42	
Observacións		Páxina	2/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==			



- Co fin de liberar espazos e reducir a afluencia de estudantes no centro, poderá optarse pola impartición virtual dalgunhas materias (por exemplo, optativas), sempre que as súas características así o permitan.
- Potenciar a realización de titorías, así como os seguimento dos TFG e TFM, de xeito virtual a través das ferramentas informáticas que están a disposición do profesorado, respectando unha planificación horaria coñecida polo estudantado.

2. Indicacións de carácter xeral para o profesorado

- Á hora de facer a programación da súa materia, o profesorado deberá identificar e deseñar que contidos e competencias se traballarán de maneira presencial ou virtual e como van ser avaliados.
- Independentemente da modalidade escollida para a impartición da docencia, debe realizarse unha adecuada programación temporal da carga/volume de traballo do estudantado, que se corresponda co número de créditos asignados a cada materia.
- Todas as materias deberán estar activadas no Campus Virtual, ferramenta que debe dar soporte aos procesos de ensino-aprendizaxe e que constitúe un canle de comunicación imprescindible entre o profesorado e o alumnado, independentemente das modalidades de impartición.
- O profesorado deberá facer uso das aplicacións e ferramentas informáticas institucionais, só deste xeito poderán recibir o apoio e soporte técnico que precisen.
- Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do cuadrimestre, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. O exame final, de existir, non debería acadar un valor superior ao 40% da cualificación total e terá carácter presencial, sempre que as condicións sanitarias o permitan.
- Para a avaliación da segunda oportunidade, a guía docente establecerá actividades de avaliación continua alternativas ás obrigatorias, no caso de non poder organizarse estas, para garantir a posibilidade de superación da materia. No caso das prácticas en empresas, o prácticum ou prácticas clínicas, por se trataren de actividades non recuperables, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais.
- No caso de modalidades híbrida ou telemática na impartición dunha materia, a documentación (textos, audiovisuais, presentacións...) empregada para desenvolver os seus contidos deberá estar preparada para poder ser facilitada ao alumnado en formatos dixitais accesibles, garantindo a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, entendendo que deben poder acceder a toda a información contida nos documentos independentemente das súas necesidades específicas.
- No caso de materias en modalidade unicamente presencial, o profesorado debe ter en conta igualmente a posibilidade de suspensión da actividade presencial a causa de novos abrochos, que obrigarían á virtualización temporal da materia. Por isto, deberá preparar, cando menos, o material mínimo necesario para a súa adecuada impartición nese escenario de forma que poida ser facilitado ao alumnado en formatos dixitais accesibles.
- O profesorado deberá deseñar contidos e actividades accesibles que permitan a todo o alumnado adquirir as competencias da materia dun xeito inclusivo e atendendo ás recomendacións de axustes razoables propostas pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI) no caso do alumnado con diversidade funcional ou NEAE.

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/07/2020 09:37:42
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==		





3. Guías docentes

- Todas as guías docentes contarán cun novo apartado denominado “Plano de continxencia”, no que haberá que indicar cales son as adaptacións que se levarán a cabo na docencia e na avaliación, se nos enfrontamos a un escenario de non presencialidade debido a un novo abrocho da pandemia. Para a súa elaboración seguiranse os apartados que figuraban no modelo de addenda que se proporcionou no documento de *Medidas para a finalización do curso académico 19-20*.
- As guías docentes das materias en titulacións que se impartan de xeito exclusivamente presencial deberán realizar da maneira habitual, seguindo as recomendacións indicadas anteriormente sobre a avaliación e indicando cal será a plan de continxencia que se porá en marcha en caso dun escenario de non presencialidade.
- As guías docentes das materias que teñan unha docencia híbrida ou non presencial deberán indicar as metodoloxías empregadas, os mecanismos de atención personalizada ao alumnado e o sistema de avaliación, seguindo as recomendacións precitadas. Ademais, deberán incluír o plan de continxencia que se desenvolverá en caso dun escenario de non presencialidade.
- Os centros que desexen implantar unha modalidade semipresencial ou a distancia nunha das súas titulacións nos vindeiros cursos académicos deberán introducir as modificación necesarias nas guías docentes para adaptarse a calquera destas dúas modalidades durante o próximo curso académico. Deste modo, xeraranse as evidencias necesarias –datos das enquisas do profesorado e do alumnado, acreditación do profesorado dun determinado nivel de competencias dixitais...– para que se poida someter a un proceso interno de avaliación que indique se o título cumpre os estándares de calidade necesarios para solicitar, se así se considera, a súa modificación.

4. Apoio, formación e asesoramento

Un requisito fundamental para o desenvolvemento da docencia no futuro serán as competencias dixitais do PDI, estudantado e PAS. É necesario un plan de formación orientado a toda a comunidade da UDC que permita adquirir as destrezas necesarias para desenvolver adecuadamente o seu labor docente en calquera escenario, sexa de presencialidade sexa de non presencialidade. O profesorado debe contar, independentemente da área de coñecemento á que pertenza, con formación actualizada en tecnoloxías aplicadas á innovación docente que, no desenvolvemento da súa actividade, lle permita poñer en práctica metodoloxías novas e adicionais ás que se empregan de forma habitual, co obxectivo de que o estudantado acade o conxunto de competencias previsto nas memorias das titulacións.

Dende o CUFIE, á vista das necesidades detectadas durante o confinamento, tomaranse dúas medidas no referente ao apoio á comunidade universitaria en materia de mellora das competencias dixitais: reforzo dos plans formativos e creación dunha rede de asesores/as de teleformación nos centros.

- En relación cos plans formativos, estes ofreceranse en dous cuatrimestres, nos que o primeiro será integramente non presencial, tanto na formación ofertada para o estudantado como para o profesorado.

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/07/2020 09:37:42	
Observacións		Páxina	4/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==			



- No referente ao estudantado, no primeiro cuadrimestre ofertarase formación para a súa adaptación á contorna virtual tanto para alumnado de grao, como de mestrado e doutoramento. Esta formación intentará ser flexible e adaptada na medida do posible ás necesidades do colectivo.
- No referente ao PDI, faise imprescindible garantir unha formación flexible, adaptada ás necesidades que vaian xurdindo e aberta á maior cantidade de persoas posible. É por iso que se establecerán tres modalidades ou vías formativas que tratarán de satisfacer as necesidades que vaian xurdindo canto ao dominio de tecnoloxías, metodoloxías docentes innovadoras, creación de materiais didácticos para o medio virtual etc. Esas tres vías serán:
 - Cursos autoformativos, dunhas 10-12 horas de duración, que servirán de base para unha aprendizaxe autónoma e estarán abertos durante todo o curso académico para que o profesorado poida dar resposta cando precise ás necesidades formativas máis básicas.
 - Seminarios en liña, dunhas 5 horas, sobre temáticas concretas e que se estruturarán como webinarios formativos síncronos, pero con contido accesible de xeito asíncrono a través da plataforma Moodle e un pequeno cuestionario de autoavaliación que permita acreditar esas 5 horas de formación.
 - Cursos do Plan de apoio ao ensino (PAE). Dentro deste plan engadiranse máis cursos orientados a que todo o profesorado adquira as destrezas necesarias para desenvolver adecuadamente o seu labor docente nun escenario probable de semipresencialidade ou non presencialidade.
- Crearase unha rede de asesores/as de teleformación que sirva como reforzo dentro dos centros tanto para canalizar as incidencias e dúbidas como para dar apoio ao maior número de profesorado posible. Esta rede de colaboradores estará coordinada desde a Unidade de Teleformación do CUFIE, que dotará estas persoas dunha formación específica e coas que manterá unha estreita colaboración para detectar necesidades formativas, de apoio, de equipamento ou de calquera outro aspecto relacionado coa teleformación, co campus virtual e coas ferramentas de colaboración e interacción.

5. Infraestruturas e apoio tecnolóxico

As actuacións propostas na planificación académica non se poden implementar con garantías de éxito sen ter en conta a necesidade de acometer investimentos materiais que permitan desenvolver a docencia híbrida ou, de ser o caso, a docencia telemática ou remota en condicións similares á docencia presencial.

A posta en marcha do plan recollido neste documento requirirá melloras nas infraestruturas da UDC (aulas informáticas dos centros) e na capacidade e funcionalidades das plataformas de docencia virtual, a adquisición de recursos electrónicos etc.

Outra cuestión esencial para o seguimento da docencia virtual é atallar a fenda dixital polo que deben preverse as medidas oportunas que permitan resolver de maneira inmediata aqueles casos que se detecten, coa cesión de equipos informáticos, a subministración de conexión de datos de alta capacidade, de equipos multimedia (cámaras web, micrófonos etc.).

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	01/07/2020 09:37:42
Observacións			Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==			





Novo campus virtual coas seguintes características

- LMS (*Learning Management System*) baseado na versión de Moodle máis recente.
- Accesible desde a aplicación móbil e con novas funcionalidades para facilitar o labor de docentes e alumnado. Con especial atención ao apartado de cuestionarios e á capacidade de almacenamento.
- Sistema de altas prestacións, alta dispoñibilidade e auto-escalable para adaptarse a posibles situacións de confluencia masiva de estudantes.
- Versión limpa para garantir o funcionamento máis eficiente. Non se importarán automaticamente todos os cursos pasados, pero habilitaranse mecanismos de importación de contidos de cursos pasados que estarán dispoñibles na plataforma actual.
- Integración do campus virtual con outros servizos TIC da UDC: Turnitin® (ferramenta antiplaxio), aplicación móbil UDC.gal, Microsoft® 365 (Teams, OneDrive, Sharepoint, Stream), TV UDC, Espazos ...

Coordinación e comunicación

- Cada materia terá un curso en Moodle e un equipo en Teams, automaticamente creado desde a UDC.
- Incorporación da posibilidade de participación en salas de conferencia por medio de chamadas telefónicas.
- Evolución da ferramenta espazos para xestión de grupos, horarios e datas de exames.

Servidores de apoio e accesos remotos

- Aumento do número de conexións posibles por medio de dunha rede privada virtual ou VPN (*Virtual Private Network*) para acceso a recursos internos da UDC.
- Dispoñibilidade de contornas de escritorios virtuais ou VDI (*Virtual Desktop Infrastructure*), para a execución de software nos servidores da Universidade en casos que requiran licenzas e/ou alta capacidade de cómputo, permitindo que usuarios con computadores máis modestos poidan executar estes con garantías.
- Reforzo das conexións sen fíos (*wifi*) nas zonas ou salas que se habiliten en centros e aulas para o seguimento remoto por parte de alumnado con problemas de conectividade. Isto irá asociado a acordos con outras universidades.

Reforzos de ciberseguridade

- Aprobación da normativa de uso das TIC.
- Novos mecanismos de autenticación dos usuarios con protección fronte á suplantación de identidades (*phishing*).
- Melloras na seguridade da rede fronte ataques de *hackers*, denegación do servizo (*DoS; Denial of Service*).
- Novos mecanismos de análise de riscos e análise de actividade maliciosa, SIEM (*Security Information and Event Management*).

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do 30/06/2020

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	01/07/2020 09:37:42
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Nhfs/N5MM0+vTtzliYds5w==		

